
ACCESO Ó EVA

- Para acceder ó EVA o profesorado empregará o seu usuario e contrasinal corporativo (da súa conta de correo @edu.xunta.gal) co seu contrasinal.

- No caso do alumnado este deberá acceder cun usuario xerado automaticamente e cun contrasinal (de acceso provisional), que unha vez acceda por primeira vez, terá que cambiar por outro obrigatoriamente.

Como consigo os datos de acceso do alumnado:

- Para conseguir os usuarios e os primeiros contrasinais de acceso de cada usuario deberemos acceder ó apartado "xestión de credenciais", que atoparemos no apartado "A miña área persoal > xestión de credenciais"




Unha vez alí deberemos escoller o grupo para o que queremos obter estes datos e veremos aparecer os usuarios e primeiros contrasinais (clave de acceso provisional). Se aparece marcada con asteriscos "***" é que xa foi cambiada polo usuario.



Que sucede se un alumno/a esquece o seu contrasinal?

- Neste caso teremos que acceder novamente ás credenciais do alumno e alí escoller, no usuario en cuestión, a opción de "restaurar credencias". Nese momento seralle asignada unha nova "clave de acceso provisional", que veremos aparecer neste listado.

- Tan só teremos que entregarllo ó alumno/a para que acceda con el teña que cambialo por un novo contrasinal.



Que sucede cando remate o curso escolar?

- Ó remate de cada curso escolar estes datos serán borrados automaticamente, e seranlles asignados uns novos nomes de usuario e primeiro contrasinal (clave de acceso provisional), que conseguiremos do mesmo xeito.